



RESULTADOS DEFINITIVOS ACADADOS POLAS PERSOAS ASPIRANTES. PROCESO SELECTIVO PEL 2026. 1 PEÓN/PEOA DE OBRAS PÚBLICAS (3 MESES). 90% DE XORNADA LABORAL. EXP. 2026/E001/000004

APELIDOS E NOME	FASE PROBA PRACTICA (MINIMO A ACADAR 6 PUNTOS PARA SUPERAR A FASE PRÁCTICA- MAXIMO A ACADAR 12 PUNTOS)			PROBA GALEGO APTO/A OU NON APTO/A	BAREMACIÓN DE COLECTIVO (MÁXIMO A ACADAR NESTE APARTADO 6 PUNTOS)	MÉRITOS (MÁXIMO A ACADAR 1 PUNTO)	SUMA TOTAL DO PROCESO DE SELECCIÓN MÁXIMO A ACADAR
	Proba práctica 1	Proba práctica 2	SUMA TOTAL PRÁCTICA				
Pardo Mira Jesús	6	0	6	exento	1	1	8

Titulares:

Pardo Mira Jesús (8 puntos)

Suplentes: Non hai

Non se presentaron alegacións no prazo establecido dos resultados provisionais das puntuacións acadadas das persoas aspirantes aprobadas.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugna-la directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015). O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS POLO ASPIRANTE PROPOSTO COMO TITULAR.

A persoa aspirante proposta, achegará no prazo máximo de 3 días hábiles, contados a partir da publicación da lista de puntuacións definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, os documentos seguintes:



1º Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

2º Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

3º Documento de autorización do uso e cesión de datos de carácter persoal a favor do Concello de Boqueixón en modelo facilitado polo concello.

4º Comunicación do número de afiliación á seguridade social.

5º Certificación de número de conta bancario expedido pola entidade bancaria.

6º Tarxeta de demandante de emprego do servizo público de emprego actualizada.

No mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación, a persoa aspirante seleccionada someterase ó recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

A persoa aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base ou non sometemento ao recoñecemento médico esixido e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados nestas bases, suporá que a persoa aspirante non poderá ser contratada e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación. Neste caso, procederá a requirírselle a documentación á persoa aspirante que tivera quedado en segunda posición concedéndolle idéntico prazo para que proceda a presentala.

Dalmiro Núñez Méndez

O presidente do tribunal.